

<b>CONVOCATORIA</b>	BOPPO 14.05.2025, NÚM. 90
<b>PRAZA/POSTO</b>	UN/UNHA AXUDANTE EN PROGRAMAS DE SUBVENCIONS COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A SEN PRAZA PARA A EXECUCIÓN DEL PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL "INICIATIVAS COMUNITARIAS 2025-2027"
<b>TIPO</b>	SEGUNDO EXERCICIO (SUPOSTO PRÁCTICO)
<b>DATA</b>	29.07.2025

### **SUPOSTO PRÁCTICO (tempo de realización: 1 hora)**

No marco dun programa de subvencións específico para apoiar ao tecido asociativo da provincia, a través dun procedemento de concorrencia competitiva, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou a relación definitiva de entidades beneficiarias o 4 de xullo de 2025.

De dito acordo dáse traslado mediante notificación electrónica a todas as entidades beneficiarias o día 10 de xullo de 2025, producíndose as seguintes incidencias:

- A Asociación AAAA, non recibiu ningunha notificación, a pesar de presentar a súa solicitude en forma e prazo.
- A Asociación BBBB, de acordo co importe máximo subvencionable previsto nas bases e convocatoria do programa, solicitou unha subvención de 10.000 euros sobre un orzamento de gastos do mesmo importe, pero no acordo de concesión da subvención consta que se lle conceden 100.000 euros. Por iso, remite un escrito informando do erro á Deputación.
- A Asociación YYYY non está conforme coa cantidade que se lle concede, ao considerar que debe recibir unha subvención maior.
- A Asociación ZZZZ ten concedida unha subvención para unha actuación para a que necesita unha licenza de obra. Sen embargo, acaba de recibir unha notificación da administración competente denegándolla.

Por outra banda, co fin de aforrar custes ás asociacións beneficiarias da subvención, a Deputación correrá cos gastos de confección e entrega duns pequenos carteis publicitarios de cartón pluma para difundir o apoio económico que se dá ás asociacións.

**CUESTIÓNS:**

Responda razoadamente ás seguintes cuestións:

1. **Actuou correctamente a Deputación ao non realizar unha notificación á Asociación AAAA?. (2 puntos)**
2. **Explique cal sería o procedemento que debería utilizar a Deputación en relación á cantidade erroneamente concedida á Asociación BBBB. (2 puntos)**
3. **Analice os recursos administrativos que podería interpoñer a Asociación YYYY, ante que órgano debe facelo e o prazo para a súa interposición. (2 puntos)**
4. **Analice as consecuencias que podería ter para a Asociación ZZZZ non obter a licenza de obra esixida, no marco da adecuada xestión da subvención concedida. (2 puntos)**
5. **Xustifique que tipo de contrato debería tramitar a Deputación para realizar os carteis e, dentro da clasificación económica, cal é o capítulo de gasto correspondente. (2 puntos)**